



AUTORES UNIVERSAIS

Federico García Lorca: 'ASÍ QUE PASEN CINCO ANOS'

A poesía é algo que anda polas rúas. Que se move, que pasa ao noso lado. Todas as cousas teñen o seu misterio e a poesía é o misterio que teñen todas as cousas.

Que **deleite** extraordinario produce ler, poñer en escena e ver obras coma **Así que pasen cinco anos!** Que experiencia mergullarnos no autor visual de fondura única! Lendo a obra (esta é a invitación)

podemos *habitar os mobles*: a mesa onde se agochou a *tristeza*; *participamos da ollada* incapaces de descubrir a *paixón*; da marabilla do *inacabado* ou do que *non se pode acadar*. O **amor** sabe de ausencias e de *medos*, desde o tempo da incerteza ata a eternidade das rochas. O amor non é un desexo senón todos os desexos. O mundo non é o que parece e o tempo corre cara á morte.



Si, nós somos deses animais aos que nos agrada que nos conten soños. E contalos, esperando que o sangue flúa con paixón polas veas. E o teatro é o lugar onde, ademais, se poden ver eses *soños*. Sempre andamos a voltas coas necesidades e os desexos. Necesitabamos e desexabamos explorar con entusiasmo esta forma artística inevitable e velaí vai a nosa *proposta*.

Estamos moi felices con este espectáculo. Cremos que é un traballo excitante, no que a metade é posta en visión. (A escenografía, a interpretación, as máscaras, o vestiario, a maquillaxe, a luz, o son, as cancións... son para darlles de comer á parte, creo). E hai que vela porque é un dos mellores dramas do século xx e está feito con esmero e con *pracer*. Por que gorenta tanto esta obra? Entre outras cousas, resulta moi perturbadora —un auténtico imán— e transita trepidante por sensacións, emocións e sentimentos vivos, *inesquecibles*. Vólvese da inspiración como se volve dun país estranxeiro, o poema é a narración desa viaxe.

Nesta viaxe atopamos: mundos pechados e opresivos; teatro dentro do teatro; espazos da conciencia; amores imposibles; sensualidade; medo á morte; símbolos do destino; fuxida de amantes; sensibilidade que conmove o ser enteiro... A cuestión era como darlle corpo, voz e sentido: trasladar a *MIRADA* poética, rompedora e libre, ao escenario.

CONSTRUÍMOS OUTRA REALIDADE

Construímos a **fábula** e viaxamos co protagonista polo arrepío das súas obsesións:

Sente ansiedade, angustia, baleiro... Soña.

Multiplicase no seu futuro, pasado e posibles presentes. Proxéctase e divídese, todos os seus eus son **auténticos** e, porén, ningún total.

Gústalle «a palabra **lembianza** porque é verde, celmosa e deita sen cesar fiiños de auga doce» e «garda os doces para comelos despois». Espera lembrando cara adiante? Prefire a idea de sabor ao propio sabor? E de cando en vez quere ancorarse na mirada limpa da **infancia**, quere morrer «sendo manancial».

Noutro plano cun soño dentro de outro soño, a Gata e o Neno saen do labirinto da Morte para expresar o seu desexo de vivir.

Espera **amar** e ser correspondido, pero apraza o goce sexual. Óllase nos espellos da verdade e aflora o medo á muller, á morte, ao paso do tempo...

Entramos no corazón da lenda. O neno morre, péde-se a semente, a **fecundidade** da terra e a natureza. A conciencia con sede de amor berra: «amar é vivir». Alguén destrúe os soños. O desexo de vivir. Desexo que rexeita a espera. Esnaquízase o futuro. Quere «queimarse noutros lumes»? (Aí, **eros** e **tánatos** sempre seducíndose!).

«O amor tan só é posible se coinciden os amantes nun mesmo tempo verbal; é dicir, nunha mesma actitude diante do amor e da persoa amada». Perdémonos nas fragas do destino: o **soño** e o **tempo** son parte esencial de todo o que nos contén. Fóra desa transitoria realidade non existen. Novo descubrimento no itinerario: non hai vaso no que collan o aire, a eternidade e as cousas infindas; á fin da terra, ao **máis aló**...

Tan só no **mar** collen todas as vidas.

Construímos o **espectáculo** e podemos amosalo aos espectadores porque hai un equipo de mineiros e mineiras extraendo os mellores materiais, con implicación e potencia; con boísima comunicación mental e física; con ritmo e sentimento; poñéndolle carne aos ósos e sangue ás veas.

Poucas veces un reparto dá a sensación de que os personaxes están pensados para os actores que os interpretan. Os habitantes deste fabuloso universo son moi diversos: enmascarados, redondos, antropomórficos, simbólicos, abstractos... complexos e imprevisibles; sempre dispostos a sorprenden... agochan segredos insondables e semellan luvas para as mans dos actores e das actrices que os representan. Os espectadores son unánimes. Vaia elenco! Planeamos una estrutura de **RELOXO** sincopado, un tempo fugaz. «O movemento crea estados mentais ás veces máis poderosos que a vontade humana». Emocións traducidas a accións físicas cunha partitura cerca da musical.

As cancións funcionan como «luz viva de horas vellas». As melodías como latexos, aires severos ou eróticos onde esvaran os personaxes.

Partindo da extraordinaria sensibilidade lorquiana, coidamos con minuciosidade esta montaxe: cómpre salientar a importancia do vestiario e dos obxectos. Especial atención requiren as máscaras: Gata (ferida mortalmente); Lamias (substituímos os lagartos por estes seres míticos, engulidores de nenos, presenzas arrepiantes que proceden de entrañas descoñecidas); Manequín (personaxe abstracto, sedento de amor. Leva o mesmo rostro do protagonista para



identificalo coa conciencia); Arlequín (creador do vínculo entre o visible e o invisible, guía os personaxes perdidos no frondoso arboredo do destino); Pallaso (compañeiro de Arlequín); Máscara (a Porteira que perdeu o seu neno viviu tempos mellores entre a Ópera de París e Venecia); Os tres xogadores de cartas (axudan a compoñer ese desenlace inquietante e premonitorio desta traxedia do destino humano).

Os soños tínguense coas luces dando cor, tamén á existencia; á vida; ao amor; á morte.

Ademais da función metafórica, hai una segmentación do espazo escénico en múltiples espazos, multiplicando a ficción e os seus planos:

1.º acto:

- Biblioteca (mundo pechado e opresivo);
- Labirinto da morte (teatro dentro do teatro);
- Treboada (medo á morte).

2.º acto:

- Casa da Noiva: acción presentada en varios pisos da casa á vez;
- Manequín: espazo da conciencia;
- Eclipse: amor imposible. Fuxida dos amantes.

3.º acto:

- Bosque e Teatriño: soño fondo. Saír do concreto para acceder ao significado, ao simbolismo, ao sentido e á linguaxe;
- O xogo das cartas: As tres parcas, personaxes míticos de rostros petrificados con rixidez de caveira. Aparencia espectral que afasta aos xogadores da súa identificación humana.

Os espazos non son miméticos; veñen dados pola personificación de elementos naturais (Trebón, Eclipse); ou forzas naturais (Morte); ou paisaxes interiores (Biblioteca, Habitación, Azotea...) e tamén simbólicas (Labirinto, Escalera, Manequín, Bosque, Teatriño...).

Desprazamentos nunha escenografía que muda con

axilidade nunha transformación metafórica impactante.

CONSTRUÍMOLA... ¿CON «DUENDE»?

Con «*duende*» é máis doado amar, comprender, e, seguro, ser amado, ser comprendido, e esta loita pola expresión e pola comunicación da expresión adquire ás veces, en poesía, caracteres mortais. Cremos que traballar nun espazo onírico nun tempo paradoxal pode interesar aos coñecedores do Lorca máis coñecido e espertar o interese do que non coñece as obras máis auténticas.

Xa comprobamos que os espectadores vibran nas butacas porque a obra esperta o interese, porque non deixa indiferente a ninguén. Require, aí, iso si, dun público entregado. (Pssss... E iso, que significa? Non te mates, unha arquitectura coma esta non pide explicacións, entrégate a sentir! E, malia todo, nada é gratuíto. Lorca coñecía moi ben a Freud e a Einstein, e a Compañía tamén, polo visto).

O teatro nega por definición a presenza do pasado e do futuro, é unha *escrita para o presente*. Nesta Lenda sobre o Tempo, o tempo deixa de ser denotativo para transformarse nun signo máis do simbolismo profundo da peza. A representación quebra a orde habitual, detén o tempo ordinario, é outro tempo. É imaxinario, ofrécese como duración soamente polos signos do espectáculo, como sentimento de soño para os espectadores. O que procura é abolilo radicalmente para chegar a un non-tempo.

Tamén temos a sensación de baixar a insondables abismos temporais ou remotas comunidades do inconsciente. (Por algo é.)

Conectamos co misterio, non só do tempo teatral, senón do feito de que cinco anos despois de ser escrita *Así que pasen cinco anos* as Tres Parcas «disfrazadas» viñeron buscar o AUTOR.

TEATRO TOTAL . Atopámonos co **Lorca inmortal**.



Iolanda Ogando | *Vieiros e Tempos Novos* | 1 de decembro de 2003

A imaxe... e a palabra

Empeza a ser xa unha obriga e unha esperanza teatral a chegada dalgunha das estreas do veterano grupo ourensán Sarabela. Ao longo dos últimos anos veñen convertendo cada inicio das súas andaiñas espectaculares en pequenos fitos, imprimíndolles a seriedade e, ao tempo, a festa necesaria para atraer ao espectador. Iolanda Ogando fálanos da súa última estrea, *Así que pasen cinco anos*, de Federico García Lorca.

En verdade, unha gran parte era, e é, un colectivo de seguidores fieis e constantes na cidade onde traballan, mais obsérvase así mesmo unha grande expectación por parte doutros sectores non tan habituais nos patios de butacas cando do que se trata é de teatro, sabedores de que asistir a unha montaxe da compañía ourensá é unha garantía.

Secasí, Sarabela Teatro continúa a ofrecer un modelo orixinal de xestión e produción, traballo que a coloca á cabeza de espectáculos en cartel e de número real de espectadores e, no plano estético e tamén sistémico, á fronte da renovación teatral na Galiza. E isto cobra máis relevancia se constatamos que os seus últimos éxitos —*O lapis do carpinteiro*, *A vida é soño*, *A conxura dos necios...*— se basearon en propostas arriscadas das que o máis difícil era saír ilesos.

O mesmo ocorre coa nova montaxe que esta compañía vén de estrear: *Así que pasen cinco anos*, unha das máis coñecidas e complexas obras de Federico García Lorca. Sarabela investiga nalgunhas das teimas frecuentes neste autor e, de feito, de moitas outras persoas, a través do engado da palabra lorquiana e da súa proxección teatral. Faino nun espectáculo limpo e maduro onde se amosan moi conscientes do que poñen sobre escena e do que lle contan ao público.

A translación do mundo de *Así que pasen cinco anos* aos escenarios galegos non é, non pode selo, doada. Nese senso, Sarabela colleulle o pulso á dificultade utilizando e deseñando os diferentes niveis escénicos dun modo coherente, chegando a crear imaxes de enorme beleza e secuencias cargadas de subtexto(s). Quizais a única pexa que nesta liña se lle podería apor provén de dous elementos relacionados coa palabra: a tradución e a adaptación das cancións. Non é, de certo, unha pexa absoluta, pois en ambos casos se pode observar rapidamente un traballo rigoroso. Mais a aparición de rimas tipicamente lorquianas —traducidas de maneira literal— ao lado de cancións que remiten ao mundo popular galego chega a facer renxer —aínda que só sexa por uns intres— a ficción.

Aínda así, son moitos máis e moito maiores os méritos desta creación. Sobrancean por exemplo, a iluminación e a escenografía, creando unha ambientación próxima e distante ao mesmo tempo; onírica e,

case nun paradoxo, hospitalaria; aberta e pechada..., de tal xeito que constitúe un pracer seguir os movementos dos protagonistas polas súas liñas. Asemade, cobra grande importancia a aparición de diversos contornos sonoros, ao igual que o vestuario, delicada transcrición material das imaxes da peza. Todos estes elementos escénicos acompañan unha lectura intelixentísima do texto escrito.

Igualmente o fai a configuración dalgúns dos personaxes. Cun elenco máis ou menos semellante ao que sustentou as últimas montaxes desta compañía —á que se incorpora unha cara case nova, e moi fresca, nos escenarios galegos: a de Nate Borrajo—, *Así que pasen cinco anos* resulta unha fascinante encarnación deses seres imaxinados polo dramaturgo andaluz. En efecto, dende o Mozo até a Máscara, pasando polos Amigos, o Vello ou Arlequín, descubrimos unhas figuras cheas de contido e de historias, de matices.

Pero non só aquí, senón tamén na construción escénica constituída polos movementos, os tons, as olladas e os signos relacionais, seguimos, case sen posibilidade de respiración, a tempestuosa, angustiante —e quizais estática— viaxe da historia.

Así pois, *Así que pasen cinco anos* aparece coma outra interesante proposta para achegarnos ao teatro. Quen escribiu a peza ben o vale. E o grupo que a presenta transformada en realidades, tamén.

